



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

A Liga Reumatolóxica Galega premia o labor de investigación do grupo de Patoloxía Musculoesquelética do IDIS

Nos seus premios bienais recoñecen o “esfuerzo en facer posible que as nosas patoloxías teñan opcións que ata agora non tiñan”

Rodolfo Gómez, director do Grupo de Patoloxía Musculoesquelética, recollerá o premio nun acto que terá lugar este sábado na Coruña

Santiago, 13 de decembro de 2018- O grupo de Patoloxía Musculoesquelética do *Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago*, dirixido por Rodolfo Gómez Bahamonde ven de ser premiado pola asociación de doentes *Liga Reumatolóxica Galega* nos seus premios bienais.

Cada dous anos a LRG outorga o seus premios baixo o nome *Liga con nós* a entidades e organizacións que traballan para mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas. Este ano a liga quixo premiar ao equipo de investigación de enfermidades reumáticas e musculoesqueléticas do *Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago* “polos seus traballos na liña de investigación para mellorar os nosos tratamentos farmacolóxicos, polo compromiso co paciente, pola transferencia, pola implicación co noso colectivo”, sinala a asociación.

A súa presidenta Ana Vázquez, subliña que “é mester que se premie a un grupo, que con escasos recursos se deixa a pel, o tempo e o esforzo en facer posible que as nosas patoloxías teñan opcións que ata agora non tiñan, e en mellorar as nosas patoloxías e previr a discapacidade e a incapacidade”.

A entrega terá lugar nun acto que se celebrará este sábado 15 de decembro en A Coruña.

O grupo de Patoloxía Musculoesquelética do IDIS, dirixido por Rodolfo Gómez Bahamonde é un grupo acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III (ISCIII). A súa finaiación provén de entidades públicas e privadas, principalmente o propio ISCIII así como *Mutua Madrileña* ou a Sociedade Española de Reumatoloxía. O grupo esta formado por investigadores de diferentes disciplinas (medicina, farmacia, bioloxía, fisioterapia, física fotónica) o que o converte nun grupo esencialmente multidisciplinar.

Cómpre destacar que no seo do grupo se atopan representadas por primeira vez todas as disciplinas médicas vinculadas ás patoloxías musculoesqueléticas con especialistas médicos en reumatoloxía, traumatoloxía, rehabilitación e cirurxía maxilofacial. Isto facilita e enriquece a investigación do grupo nas diversas patoloxías reumáticas xa que permite abordar as diferentes patoloxías desde múltiples enfoques clínicos.



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54



Instituto de Investigación Sanitaria
SANTIAGO DE COMPOSTELA

O obxectivo das liñas de investigación do Grupo de Patoloxía Musculoesquelética son as enfermidades que afectan ao aparato locomotor de maneira máis prevalente; facendo especial fincapé nas súas alteracións óseas. Entre estas patoloxías hai que destacar a artrose, a artrite reumatoide, a osteoporose, a osificación heterotópica, a espondilite anquilosante, a gota, etc.

As liñas de investigación deste laboratorio pódense agrupar en 5 grandes áreas:

- O estudo das respostas inmunes innatas nos tecidos articulares e a súa inhibición farmacolóxica e a busca de novas terapias dirixidas a bloquear a orixe da inflamación que en moitas ocasións é un común denominador de numerosas patoloxías reumáticas.
- A procura de factores de transcrición reguladores da osteoblastoxénese e a adipoxénese. Coa abordaxe dos mecanismos subxacentes á perda ou ganancia ósea vinculadas ás patoloxías musculoesqueléticas.
- A procura de axentes causais e biomarcadores da osificación heterotópica.
- Dotar de propiedades biolóxicas a implantes óseos a través da dopaxe farmacolóxica, deseño de novos materiais e a nanotexturización de superficies.
- A bioimpresión 3D de implantes óseos, nova liña na que empezarán en breve.

Máis información sobre o grupo en <http://patologiamusculoes.wixsite.com/pme-es>

Sobre o *idís*

O Instituto de *Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (idís)* é un centro de investigación traslacional, de innovación e transferencia de coñecemento que favorece as sinerxias entre a Área Sanitaria de Santiago de Compostela e a Universidade, ás que están vinculados 80 grupos e máis de 1.000 investigadores. Naceu en 2008 para poñer en valor o coñecemento aplicado e converteu a Galicia en referente internacional no campo da biomedicina. Foi o primeiro centro galego acreditado polo Instituto de Saúde Carlos III en 2010 e a súa captación de fondos para a investigación creceu un 255% desde entón. Lidera proxectos de investigación europeos desde o ámbito das neurociencias e a pediatría.

Saúdos



@fidis_santiago



@FIDIS.Santiago

<http://www.idisantiago.es/>

prensa.santiago@sergas.es

981 950023 // 629 25 37 54